

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do goberno en funcións de Mariano Rajoy acaba de outorgarlle a ENCE unha prórroga de 60 anos para permanecer na ría de Pontevedra. Unha prórroga que comeza a contar en novembro de 2013, data da solicitude, e que continuará ata 2073.

Á irresponsabilidade dun goberno en funcións que non ten empacho en tomar unha decisión de tal calado e que non tivo a honestidade de facelo antes das eleccións do 20 de decembro de 2015, únese a complicidade da Xunta de Galicia emitindo en novembro de 2015 un informe favorable á permanencia da planta na ría de Pontevedra incumprindo, así, o programa electoral co que Núñez Feijóo se presentou ás eleccións autonómicas de 2012 no que o PPdG se comprometía a que ENCE abandonase o seu actual emprazamento. Ademais, o PPdG e Núñez Feijóo, apoiando este tipo de actuacións está a incumprir os instrumentos de ordenación como son as DOT e o POL asinados mediante decreto polo propio presidente galego.

Coñecida é a presenza no consello de Administración de Ence de ex-altos cargos do Partido Popular como Isaben Tocino ou o ex conselleiro Carlos del Álamo, polo que non pode sorprender que tanto no goberno central como na Xunta o Partido Popular estea a usar as institucións como unha extensión de dito consello de administración e en prexuízo dos galegos e as galegas.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a esixir do goberno do Estado a anulación da resolución sobre a permanencia de ENCE na ría de Pontevedra.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 26/01/2016 12:32:55

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/01/2016 12:33:02

Ramón Vázquez Díaz na data 26/01/2016 12:33:05

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/01/2016 12:33:08

Eva Solla Fernández na data 26/01/2016 12:33:11

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/01/2016 12:33:14